



Compostela  
Cultura

# Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMÓNIA  
DE GALICIA**

**25 Aniversario**

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

---

**XOVES 10**

**DECEMBRO 2020**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**ABRAZANDO A NATUREZA**

**Paul Daniel**, director

---

# PROGRAMA

---

## **Anna Clyne (1980)**

Within her arms\*

## **Brett Dean (1961)**

Sinfonía pastoral \*

*Allegro ma non troppo*

*Andante molto mosso*

*Allegro*

*Allegro*

*Allegretto*

## **L. v. Beethoven (1770-1827)**

Sinfonía núm. 6 en Fa maior, op. 68 "Pastoral"

*Allegro ma non troppo. Espertar de alegres sentimentos ao atoparse no campo*

*Andante molto mosso. Escena xunto ao regato*

*Allegro. Animada xuntanza de campesiños*

*Allegro. Lóstregos, tormenta*

*Allegretto. Himno dos pastores. Alegría e sentimentos de agradecemento despois da tormenta*

\* Estrea en España

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 10 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

## 25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

### Director artístico titular

Paul Daniel

### Principal directora invitada

Joana Carneiro

### Director asociado

Maximino Zumalave

### VÍOLÍNS I

James Dahlgren  
(concertino)

Adriana Winkler  
(axuda de concertino)

Anca Smeu \*\*

Claudio Guridi

Ilya Fisher

Anna Alexandrova

Michal Ryczel

Victoria Jurov

Yulia Petrushevskaya

Ildikó Oltai

Sabela Hughes \*\*\*

### VÍOLÍNS II

Grigori Nedobora \*

Nikolay Velikov \*\*

Gyula Vadaszi

Enrique Roca

Samira Ajkic

Kiyoko Ohashi

Elina Viksne

Irina Gruia

Helena Sengelov

Matthias Emmerink \*\*\*

Silvia Cánovas \*\*\*

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*

Natalia Madison \*\*

Ionela Ciobotaru

Oxana Bakulina

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

Carmen Navarro \*\*\*

### VIOLONCELLOS

Millán Abeledo \*

Thomas Piel \*\*

Carlos García

Clara Martínez \*\*\*

Alexandre Llano (R)

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*

Alfonso Morán \*\*

Raquel Miguélez (R)

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*

Luis Soto \*\*

Henrique Medeiros \*\*\*

### ÓBOES

Christina Dominik \*

Esther Viúdez \*\*

Luca Tognon \*\*\*

### CLARINETES

Beatriz López \*

Vicente López \*\*

### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*

Manuel Veiga \*\*

### TROMPAS

Jordi Ortega \*

Alfredo Varela \*

Xavier Ramón \*\*

### TROMPETAS

Javier Simó \*

Ramón Llátser \*\*

Pedro José Cases (R)

### TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)

Iago Ríos (R)

### TUBA

Miguel Franqueiro (R)

### TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

Diego Ventoso (R)

### PIANO

Haruna Takebe (R)

### TECLADO

Luis Martínez (R)

\* principal | \*\* copincipal | \*\*\* EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

# PAUL DANIEL

## DIRECTOR

---

É o director titular e artístico da É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet*

coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.



---

## Anna Clyne (1980)

A londinense Anna Clyne, nominada aos Grammy en 2015, foi definida polo New York Times como “compositora de dotes pouco comúns e técnicas inusuais”. Así o confirman as súas colaboracións con coreógrafos de vangarda, artistas visuais, cineastas e intérpretes de calquera estilo musical. Ademais foi compositora residente nas Sinfónicas de Chicago, con Riccardo Muti, e Baltimore, Orchestre National d’Île-de-France e National Sawdust e, actualmente, éo de Music Alive coa Sinfónica de Berkeley. As súas últimas estreas son *Beltane* na Sinfónica Escocesa da BBC e Thomas Dausgaard; *Three Sisters*, un concerto para mandolina para Avi Avital e a Kremerata Baltica; e *RIFT*, un ballet sinfónico en colaboración coa coreógrafa Kitty McNamee para Marin Alsop e a Orquestra do Festival de Cabrillo. Clyne recibiu encargos do Carnegie Hall, Houston Ballet, Filharmónica de Los Ángeles e Southbank Centre. *With her arms* (2009) é unha homenaxe da compositora á súa nai, unha reflexión sobre a perda, o amor e a vida,

unha elexía para cordas cuxos lamentos entrecruzados evocan ás obras mestras do renacemento inglés de Thomas Tallis e John Dowland, incluso en determinadas pasaxes conmovedoras pode levar ao *Adagio* de Samuel Barber co que comparte unha tensión perfectamente traballada así como unha sombría beleza e luz interior. O Chicago Classical Review publicou “Feita con verdadeira mestría para as cordas, a obra de Clyne nunca descende ao sentimental ou lacrimoso, a música ábrese camiño a través da desolación e os acentos dolorosos do violín a una sensación de consolo e paz duramente gañada...”

---

## **Brett Dean (1961)**

A famosa *Sinfonía Pastoral* de Beethoven de 1808 é só una das innumerables obras, tanto grandes como pequenas, que se atopan en todo o canon occidental no que os compositores celebraron a beleza e o drama da natureza. Basta cunha lista breve (*A troita* de Schubert, *As Hébridias* de Mendelssohn, *Moldava* de Smetana, o *Danubio Azul* de Strauss, o *Entroido* de Saint-Saens, por nomear só algúns) para darse conta da aparente abundancia e diversidade das odas da música clásica á natureza. E no noso tempo, Olivier Messiaen fixo posiblemente máis que calquera outro compositor para chamar a nosa atención sobre as máis grandes cancións no planeta, a saber, sobre os paxaros. Despois de regresar recentemente a Australia tras máis de 15 anos en Alemaña, son moi consciente da increíble fonte de alegría e beleza, por non falar do recurso da invención, que se aprecia simplemente abrindo as xanelas e escoitando. Definitivamente non hai sorpresas pola miña banda ao ler a fascinación absoluta de Messiaen sobre as Antípodas e atopar paxaros

cucaburras e pegas aparecendo por todas partes nas súas partituras. Pero ao querer celebrar esta maravillosa abundancia de tesouros na actualidade, resúltame cada vez máis difícil separar o meu amor polos sons do mundo natural dunha inmensa e crecente sensación de perda. Imaxine os nosos devanceiros e respectuosos carreiros a través dos bosques e áreas silvestres do mundo, destruídos a favor de máis tendas, autoestradas, aparcadoiros e outros intereses. Estes problemas son tristemente unha parte da vida diaria en Australia. Claro, todos “amamos” a natureza, pero o que máis amamos son todas as trampas da vida moderna... certamente máis que o desexo de deterse e gozar da gloria dun só paxaro carniceiro, talvez o son máis máxico que se atopa en todo o continente australiano. Esta peza, pois, trata sobre o glorioso canto dos paxaros, a ameaza á que se enfronta, a perda e o ruído sen alma que nos queda cando todos se han ir.

© Brett Dean, 2000

---

## Ludwig van Beethoven (1770-1827)

O musicólogo Giovanni Carli Ballola na súa obra sobre Beethoven di: “Foi artista de metabolismo estilístico, incesante e violento. De xeito similar á que desenvolveron no seu tempo Monteverdi, Verdi ou Stravinski, a súa creatividade estivo inmersa nunha tensión teleolóxica descoñecida para os creadores da época”. Na súa linguaxe sinfónica, aínda que xire en torno a un clasicismo permanentemente revisitado, pode apreciarse certa especificidade a pesar de que nas sinfonías beethovenianas, como en outras obras, constituíron una síntese formal de factores de imitación ou recreación da natureza como na *Sinfonía Pastoral*, como de esencia épica na *Novena* ou de tintes tráxicos (*Quinta*). Naceu pois a *Sinfonía Pastoral* case ao mesmo tempo que a *Quinta* e ao revés do que sucede coa esta, tivo unha xestación moi rápida, cando menos para o que era habitual en Beethoven, pois foi escrita entre 1807 e 1808, ano da súa estrea e dedicada aos seus mecenas, os nobres Joseph F. Von Lobkowitz e Andréi Razumovski. Sen

embargo, a pesares estreita relación entre elas pola composición simultánea, na vida de Beethoven ambas obras teñen un significado ben distinto. Algo habitual para o compositor de Bonn era descansar das obras máis complexas compoñendo outras menos fondas ou de significado máis lixeiro así que tras o intenso esforzo da densa *Sinfonía do destino*, como recollen os seus cadernos de apuntamentos, a *Pastoral* é, ante todo, unha tregua. A *Sinfonía núm. 6* é unha obra de enorme ambigüidade e refinamento harmónico e tímbrico que afronta os sentimentos ante a contemplación da natureza. Comeza co apacible tema principal nos violíns sobre cuxa pauta constrúese un *Allegro ma non troppo*, desenvolvido sobre un exquisito e sinxelo leitmotiv, posiblemente baseado nunha canción popular bohemia; música susurrante como a brisa que move as follas das árbores e insistente como a auga que vai e volve. Violíns que tamén protagonizan o *Andante molto mosso* no que determinantes silencios que subliñan a quietude, ondulacións do regato e, para rematar, cantos do paspallás, do reiseñor e do cuco. Ritmos a modo de danzas

---

lembran a emoción popular nun *Allegro* que leva á poderosa treboada do cuarto movemento, tronos nas cordas baixas aos que se engaden progresivamente todos os efectivos orquestrais. Como preludio do final, o *Allegretto* rompe o esquema clásico de sinfonía en catro tempos. Beethoven desenvolve este movemento como una alabanza panteísta e fai das tres últimas pezas un todo musical presentándoas de continuo, culminado coa volta á calma e á placidez coa que comeza esta sinfonía.



# PRÓXIMOS CONCERTOS

---

## **Xoves 17 de decembro, 20.30 h** **IN NOMINE DOMINI**

Concerto en homenaxe ao Padre J. López  
Calo SJ  
REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA  
Maximino Zumalave, director

J. Arriola, *Divertimento concertante*  
(2º movemento)

J. S. Bach, *Suite nº 3 en Re maior BWV 1068*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 84 en Mi b maior*  
"In nomine Domini"

## **Martes 5 de xaneiro, 21.30 h** **CONCERTO DE REIS**

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA  
Paul Daniel, director  
Teimuraz Janikashvili, violín

L. Bernstein, *3 Dances, de Fancy Free*

A. Vivaldi, *As catro estacións, op. 8, RV*  
*297: O inverno*

A. Piazzolla, *La primavera, de Las cuatro*  
*estaciones porteñas*

M. Richter, *Verán 1, 2 e 3 de Vivaldi*  
*recomposed*

L. Bernstein, *3 Dance Episodes, de On the*  
*Town*



### **AUDITORIO DE GALICIA**

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### **DESPACHO DE BILLETES**

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

### **OFICINAS**

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

